

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 19 de febreiro de 2019

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 19/02/2019
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 19/02/2019
- III. Proposta de límite de prazos
 - a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- IV. Proposta de materias optativas
 - a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- V. Declaración de interese para modificacións de títulos
 - a. Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - c. Máster en Enxeñaría de Minas
- VI. Propostas PDA dos Graos para o curso académico 2019-2020
 - a. Proposta PDA Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. Proposta PDA Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - c. Lista priorizada de departamentos
 - d. Solicitud do departamento de Recursos Naturais e Medio Ambiente (T06)
 - e. Solicitud do departamento de Química Física (C11)
- VII. Proposta PDA do Máster en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2019-2020
- VIII. Proposta PDA Máster en Xeoinformática para o curso académico 2019-2020

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 19 de decembro de 2018.

A Directora dá a benvida ao novo Secretario do Centro, D. Guillermo García Lomba, na súa primeira Xunta de Escola.

O borrador da acta enviouse por correo electrónico con pouco tempo de antelación xa que, por problemas informáticos, non se dispuxo antes dunha parte da documentación.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da sesión ordinaria celebrada o 19 de decembro de 2018; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. Informe da Directora

A Directora informa sobre as seguintes cuestións.

2.1. Actividades de representación

- 28 de xaneiro. Asistencia da directora ao Acto de Santo Tomás. Entrega de premios ás persoas egresadas do centro:
 - Premio Extraordinario Fin de Grao en Enxeñaría da Enerxía ao alumno Yelco Rodríguez Méndez.
 - Premio á excelencia académica de inicio de mestrado ao alumno Juan Jesús Rico Fuentes.
- 12 de febreiro. Asistencia da directora en representación do centro á presentación da marca “Minería Sostible” pola Cámara Oficial Mineira de Galicia. Esta marca agrupa accións e iniciativas de promoción e divulgación do sector mineiro en Galicia.

2.2. Reunións de traballo

- 19 de decembro. Asistencia de D. Iago Pozo, en calidade de Subdirector de relacións externas e mobilidade, á reunión convocada pola Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación da UVIGO. Nesta reunión indicáronse os diferentes tipos de convocatorias que existen para establecer relacións con outros países.

- 9 de xaneiro. Reunión da Directora co representante de EDAFOTEC e firma de un convenio para prácticas externas.
- 17 de xaneiro. Reunión da Directora con Da. María Baqueiro para a Organización das Xornadas “Xestión sostible de augas en contornas urbanas”.
- 22 de xaneiro. Asistencia da Directora á reunión convocada pola ACIEP (*Asociación española de Compañías de Investigación, Exploración y Explotación de HC y almacenamiento subterráneo*) para participar no proxecto “Proxecto Divulgativo de Ensino Secundario”. Nesta iniciativa participan Colexios Profesionais, centros universitarios de ensinos en Ciencias da Terra, IGME e asociacións de ensinos.
- 25 de xaneiro. Asistencia de D. David Patiño, en calidade de Subdirector de Infraestruturas e AAEE do centro, á reunión convocada polo Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade. Informouse que está a estudarse o peche dos centros e unidades administrativas en agosto.
- 25 de xaneiro. Reunión da Directora cos Delegación de Alumnado para a planificación de actividades no segundo cuadrimestre.
- 30 de xaneiro. Asistencia de D. Iago Pozo e Da. Elena Alonso coa responsable da ORI. Unha vez valoradas coa ORI as opcións, a Escola presentou unha solicitude á convocatoria ERASMUS KA107, cun proxecto en colaboración con Chile, coas Universidades Federico Santa María e Universidade Católica do Norte. De concederse o proxecto, financiaría o intercambio de estudantes de grao, máster, PDI e PAS das universidades chilenas coa UVIGO e de PDI e PAS da UVIGO con calquera das universidades chilenas indicadas, ata un total de 24 mobilidades de grao e máster, 20 de PDI e 12 de PAS.
- 30 de xaneiro. Asistencia da Directora a reunión convocada polo Reitor coas direccións dos centros do ámbito tecnolóxico. Información sobre a situación actual en relación aos másteres integrados.
- 1 de febreiro. Asistencia de Da. María Araújo, en calidade de Subdirectora de Planificación e Organización Académica, á sesión informativa sobre software de xestión de horarios.
- 7 de febreiro. Reunión da Directora e D. Iago Pozo con Da. Teresa Rivas, Enlace de Igualdade do centro, para a planificación de actividades relativas á celebración do Día Internacional da Muller.
- 8 de febreiro. Constitución e primeira reunión da Comisión de Normalización Lingüística do centro.
- 11 de febreiro. Reunión con representantes da Facultade de Enxeñaría de Porto. Acordouse intensificar as relacións de mobilidade de profesorado e alumnado e realización de actividades formativas conxuntas. Agradécese ás persoas que participaron na recepción destes profesores: D. Iago Pozo, D.

Leandro Alejano, Da. Lucía Díaz, D. Pedro Arias e representantes do Clube Deportivo de Minas.

2.3. Actividades desenvolvidas no centro

2.3.1. Celebración da fase galega da Olimpíada de Xeoloxía

O día 13 de febreiro a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía acolleu a 150 estudantes procedentes de 11 centros da provincia de Pontevedra, de 4º da ESO e de 1º e 2º de Bacharelato para participar na décima edición da fase galega da Olimpíada de Xeoloxía. De entre todas as persoas participantes, os tres que obtiveron os mellores resultados na probas prácticas e teóricas clasificáronse para a fase española da Olimpíada, que se celebrará en Cáceres o 6 de abril.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/150-estudiantes-provincia-pontevedra-miden-os-seus-conecementos-xeoloxicos>

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron na organización do evento:

- a) Profesorado que impartiu os talleres:
 - Da. Teresa Rivas: “Arte, minerais e falsificación: *A min non me enganas!*”
 - D. Jesús Balado: “Realidade aumentada”
 - D. Manuel García: “Paleontoloxía 3D”
 - D. Enrique Alonso: “Intervindo microscópicamente a arte urbana”
- b) Persoas que fixeron de guías no centro: Lucía Nieto, Daniel Pernas, Alejandro Casal e Iago Pozo.
- c) PAS: Antonio Vázquez, Jesús García, Arturo Martínez, Aitor Martínez e Carmen Romo.
- d) Outras colaboracións: María Araújo, Ignacio Rey, Iván Montenegro e Miguel Martínez.

2.4. Actividades de divulgación

Neste período (do 18 de decembro ao 19 de febreiro) realizáronse as seguintes actividades de divulgación:

Tipo actividade	Denominación actividade	Data	Centro	Realizada por	Número	Colectivo
Charlas monográficas fóra da EEME	“Recursos minerais en Galicia e España”	10 xaneiro	CEIP de Sestelo-Baión (Vilanova de Arousa)	Iago Pozo	26	3º e 4º ESO
		18 xaneiro	IES Quiroga (Quiroga)	María Araújo	60	3º ESO a 2º BAC
	“Aspectos medioambientais na explotación de recursos mineiros”	16 xaneiro	IES de Teis (Vigo)	Teresa Rivas	17	2º BAC
	“Física Re-Creativa”	11 xaneiro	IES Lagoa da Antela (Xinzo de Limia)	Benito Vázquez	60	1º e 2º BAC
		18 xaneiro	IES Eduardo Blanco Amor (Ourense)		200	4º ESO a 2º BAC
		18 xaneiro	CEIP Salesianos (Ourense)		9	1º e 2º BAC
		5 febreiro	Colegio Fogar de Santa Margarida (A Coruña)		38	1º e 2º BAC
		5 febreiro	IES Antonio Fraguas (Santiago)		48	2º BAC
		11 febreiro	IES Primeiro de Marzo (Baiona)		65	1º e 2º BAC
	“Novos materiais”	1 febreiro	IES Santa Irene (Vigo)	Raúl Figueroa	75	3º ESO
		15 febreiro	IES Sofía Casanova (Ferrol)		40	1º e 2º BAC
	“Dieselgate”	18 xaneiro	IES Quiroga (Quiroga)	David Patiño	60	3º ESO a 2º BAC
		13 febreiro	IES Milladoiro (Santiago de Compostela)		58	1º e 2º BAC
“Termografía infrarroja para la inspección de instalaciones energéticas”	7 febreiro	IES do Barral (Pontearreas)	Iván Garrido	44	4º ESO e 1º BAC	
Charlas monográficas na EEME	“Mineral Tales”	19 decembro	C.E.I.P. Santo Tomás	Bienvenido Díez	55	3º e 4º ESO
Charlas divulgativas das titulacións		18 xaneiro	IES Indalecio Pérez Tizón	Iago Pozo	7	2º BAC
		19 febreiro	Colegio San José de la Guía	Enrique Alonso	21	4º ESO
		12 febreiro	IES Antonio Fraguas	Iago Pozo	30	2º BAC

Tipo actividade	Denominación actividade	Data	Centro	Realizada por	Número	Colectivo
Taller de minerais		19 decembro	C.E.I.P. Santo Tomás	Iván Garrido	23	4º ESO
		25 xaneiro	IES do Barral (Pontearreas)	Ignacio Pérez	44	4º ESO e 1º BAC
Aula Aberta á TecnoCiencia	Combustión	4 febreiro	IES Virxe do Mar (Noia)	David Patiño	24	1º e 2º BAC
	Realidade Aumentada Novos Materiais	19 decembro	C.E.I.P. Santo Tomás	Jesús Balado Raúl Figueroa	32	3º ESO
Exposición itinerante	Adquiriuse unha segunda exposición debido ás numerosas solicitudes (duración mínima 1 semana)	Nov. a xan.	CEIP de Sestelo-Baión, (Vilan. Ar.)			
		14 xaneiro	IES Quiroga (Lugo)			
		25 xaneiro	IES do Barral (Pontearreas)			
		1 febreiro	IES Sofía Casanova (Ferrol)			
		15 febreiro	IES Ricardo Mella			
Concursos e Premios	MULLE.RME	Aberto o prazo ata o 27 de febreiro. A entrega de Premios realizarase o 8 de marzo				
	Constrúe e compite co teu equipo mineiro	Participan 4 equipos. A competición celebrarase o día 5 de abril na EEME				
	Restauración sustentable de espazos mineiros					
	EME.PAKUXA	Celebrarase os días 3 e 4 de abril no hall da EEME. Concurso en colaboración coa Delegación de Alumnado				
Xornadas Portas Abertas	Motores Explosivos Xeotecnoloxías Restauración mineira Estudantado	4 febreiro	IES Virxe do Mar (Noia)	Raquel Pérez María Araújo Jesús Balado María Araújo Delegación Alumnado	24	1º e 2º BAC
	Xeotecnoloxías Motores	25 xaneiro	IES do Barral (Pontearreas)	Iván Garrido Raquel Pérez	44	4º ESO e 1º BAC
INSPIRA STEM Egresadas da EEME	<p>Raquel Pérez Orozo, investigadora na UVIGO. Laura García Campos. Environmental Project manager at CTAG. Uxía Castro Filgueira. AMV Soluciones. María Gonzalez Ríos, xestora calidade cliente en automoción ZF GROUP Eva López Fandiño, directora comercial de Doble elevación S.L. Jessica Piñeiro Di Blasi, profesora IES</p>					

Cabe sinalar como actividade a participación na Xornada de Orientación Universitaria celebrada o 13 de febreiro na Universidade de Vigo, actividade á que asistiron un total de 700 estudantes. Agradécese o traballo realizado por D. Iago Pozo na organización do *stand* e a colaboración de D. Iago Pozo, Da. Lucía Nieto, D. Enrique Alonso e D. Iván Garrido durante o evento. Ademais agradécese a colaboración de D. David Patiño, D. Guillermo García, Da. Raquel Pérez e Da. María Araújo.

No relativo á páxina Web do centro habilitouse un espazo de “Galería Fotográfica”.

No relativo a recursos materiais de divulgación:

- Montouse un novo *stand* para levar a Feiras de Educación e outras actividades de divulgación.
- Actualizáronse os trípticos (Grao EE e Grao ERME) das titulacións de grao do centro.
- Realizáronse novos paneis para levar aos centros de secundaria.

2.5. Información de procedementos administrativos e/ou académicos

2.5.1. Mobilidade

Convocatoria de becas ISEP 2019-2020. Presentáronse 2 estudantes da Escola e concedeuse a un deles (1 das 9 concedidas).

Convocatoria de becas GE4 2019-2020. Presentouse 1 estudante do centro e concedéuselle (1 das 3 concedidas). Trátase de becas só para o ámbito das enxeñarías.

Infórmase de que están abertas as seguintes convocatorias:

- Ata o 28 de febreiro: aberta a convocatoria de becas ERASMUS 2019-2020
- Ata o 13 de marzo: aberta a convocatoria de becas SICUE 2019-2020

2.5.2. Solicitud de ao Consello Social

Fíxose unha solicitude ao Consello Social de financiamento para a realización do viaxe de estudos das titulacións de grao.

2.5.3. Sustitución de persoal do centro

Substitución de D. Juan Ausín, responsable do SIATEC, por D. Miguel Eirín e D. Alejandro Otero.

2.5.4. Defensa TFG. Convocatoria Febreiro

Na convocatoria de febreiro defenderon o TFG 8 estudantes do Grao en Enxeñaría da Enerxía e 7 do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

2.5.5. Programa de Mentorización

O Programa de Mentorización está a desenvolverse con normalidade. O día 29 de xaneiro realizouse unha sesión de supervisión do MEET na Escola. A supervisión durou catro horas, de 15:30 a 19:30, e foi levada a cabo por Da. Carmen Vázquez de Prada: <http://wittalento.com/nuestro-equipo/>. Estas sesións son financiadas pola Área de Innovación Educativa e están dirixidas ás persoas mentoras. Nesta ocasión reuníronse na Escola mentores de catro dos seis centros que participan no programa MEET-UVigo: Economía, Química, Ciencias do Mar e Minas e Enerxía. Agradécese o traballo das persoas responsables da organización deste evento no centro.

2.5.6. Cambios nas infraestruturas

Infórmase do cambio de localización das caixas de correo e da instalación dunha alarma no acceso ao centro con tarxeta. Procederáse a informar e actualizar o rexistro de tarxetas.

2.6. Actividades desenvolvidas polos membros da Comunidade Universitaria

2.6.1. Delegación de Alumnado

A Delegación de Alumnado continúa organizando charlas no centro.

- 30 de xaneiro. "A miña experiencia como mineiro espacial", impartida por D. Denis Barros.
- 13 de febreiro. "Nanotecnoloxía de salón: Un dos interferómetros máis sinxelos do mundo", impartida por D. Benito Vázquez

Agradécese o traballo desenvolvido pola Delegación de Alumnado na organización destas actividades, así como a colaboración dos conferenciantes.

2.6.2. Traballo de tese doutoral

A tese de Da. Marta Fernández enmárcase dentro dun proxecto nacional en colaboración co grupo ENEDI (Grupo de Enerxética na Edificación) da Universidade do País Vasco e un dos seus obxectivos é estimar, cuantificar ou controlar o consumo enerxético nos edificios.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/investigacion-permite-aumentar-precision-simulacions-enerxeticas-edificios>

2.6.3. Participación no Steel Challenge

O 28 de novembro do 2018 celebrouse o campionato rexional steelChallenge-13 (a rexión abarca Europa, CEI, Oriente Medio e África). A competición tivo lugar no sitio web steeluniversity e consistiu en producir un grao de aceiro que cumprira cuns requisitos técnicos dados ao menor custo por tonelada nun prazo de 24 horas. Desta primeira sesión clasificábanse 10 participantes para o Campionato Mundial que se celebrará o 16 de abril de 2019 en Madrid, España.

O estudiantado das materias "Obtención e Transformación de Materiais Metálicos", do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Minas, e "Instalacións e procesos de obtención de materiais metálicos", do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, participaron apoiados pola profesora Da. Marta Cabeza e fixeron un bo papel.

2.6.4. Proxecto Auto-BIM

Conseguíuse un sistema robotizado que reduce custos, axiliza obras e mellora a supervisión da calidade non control de obras de edificación. Trátase dun proxecto de investigación enmarcado no programa Retos-Colaboración 2016, financiado con preto dun millón de euros e posto en marcha por un consorcio liderado pola empresa Vías e construcións e no que tamén participa o grupo de investigación en Xeotecnoloxías Aplicadas da UVIGO

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/sistema-robotizado-mellora-calidade-reduce-custes-control-obras-edificacion>

2.7. Futuros eventos

- Concurso MULLE.RME. Prazo ata o 27 de febreiro.
- Feira Internacional de Minerais de Santiago. 28 de febreiro. Participación de D. Bienvenido Díez ("Mineral Tales").
- Día Internacional das Mulleres: 8 de marzo.
- Feria EDUGAL. 27 e 28 de febreiro e 1 de marzo.
- Foro Tecnolóxico de Emprego: 13, 14 e 15 de marzo.
- "I Olimpíada Minas". 21 a 24 de marzo en Vigo. Organiza Clube Deportivo Minas.
- Xornadas SIKA: 28 e 29 de marzo na Fundación Santa Bárbara (León).
- EME PACUXA. 3 e 4 de abril de 14:00 a 15:00 horas. Hall da EEME.
- Cartel de mines. 25 a 28 de abril. Albi (Francia).
- Competición "Constrúe o teu equipo mineiro". 5 de abril.
- Xeolodía. 12 de maio.

3. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o acceso ao primeiro curso dos graos impartidos nesta escola, así como do límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2019-2020.

A proposta presentada pola dirección (Anexo III) é a mesma para os dous graos impartidos nesta escola e mantén os criterios de selección de alumnado do curso pasado: 50 prazas de acceso directo a cada un deles, destinando unha cota para o acceso por traslado de expediente: 2 con estudos estranxeiros e 8 con estudos nacionais.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta de límite de prazas.

4. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas para as titulacións de Grao impartidas nesta Escola para o curso académico 2019-2020.

A proposta presentada pola dirección (Anexo IV) consiste en manter a oferta actual de optativas. A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso académico 2019-2020.

A bolsa de horas de recoñecementos docentes para o curso 2019-2020 é de 205 horas, polo que presenta un aumento de 14 horas con respecto ao curso. A proposta da dirección para a asignación da bolsa de horas é a seguinte:

Nome do profesor/a	Categoría	Nº horas	Nome do recoñecemento
David Patiño Vilas	TU	30	Coordinación Grao
María Araújo Fernández	CD	45	Coordinación Grao
Pablo Eguía Oller	TU	10	Organización Docente
Fernando García Bastante	TU	10	Organización Docente
Eduardo Giráldez Pérez	Asoc. T3-P6	10	Organización Docente
Elena González Rodríguez	TU	10	Organización Docente
Guillermo García Lomba	TU	30	Apoio á Calidade
Ángeles Saavedra González	TU	15	Apoio á Calidade
José Bienvenido Díez Ferrer	TU	10	Captación de Estudantes
Raúl Figueroa Martínez	AD	15	Captación de Estudantes
Benito Vázquez Dorrió	TU	15	Captación de Estudantes
Javier Taboada Castro	CU	5	Apoio Programas de Prácticas

A Directora agradece aos profesores Da. Marta Cabeza, D. Iago Pozo e Da. Teresa Rivas que realicen algunhas destas actividades renunciando ás horas que lles corresponderían.

Amosa tamén as propostas de adxudicación da bolsa de horas correspondente aos mestrados, nos que se dispón de algunhas horas menos que no curso anterior.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑERÍA DE MINAS			
Nome do profesor/a	Categoría	Nº horas	Nome do recoñecemento
Elena Alonso Prieto	TU	10	Coordinación Mestrado
María Araújo Fernández	CD	5	
Elena Martín Ortega	TU	8	
Javier Taboada Castro	CU	15	
MÁSTER UNIVERSITARIO EN XEOINFORMÁTICA			
Nome do profesor/a	Categoría	Nº horas	Nome do recoñecemento
Pedro Arias Sánchez	TU	29	Coordinación Mestrado

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da declaración de interese de modificación do Grao en Enxeñaría da Enerxía, do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

A Directora comenta que, pasados uns anos da posta en marcha dos títulos de grao e mestrado, chegou o momento de facer unha foto da situación acadada, facer balance e pensar na maneira de melloralos. Ademais pode ser interesante facelo co reto de obter o selo EURACE.

Polo de agora se trata soamente de aprobar a solicitude para iniciar o proceso de cara á implantación dos títulos modificados no curso 2020-2021. Nas solicitudes (Anexo V) propón basearse en que o informe de renovación da acreditación das titulacións recolle unha acción de mellora relativa á modificación da titulación en varios aspectos relativos á planificación académica, contidos das materias, resultados de aprendizaxe, prácticas externas e competencias da titulación.

A Xunta de Escola aproba a proposta por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da composición das Comisións de Elaboración das propostas de modificación do Grao en Enxeñaría da Enerxía, do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

A Directora explica que a idea da dirección consiste en facer unha modificación integral dos títulos, con unha visión de conxunto. É por elo que propón formar tres comisións diferentes pero que comecen a traballar de forma conxunta, para recoller toda a información (dos coordinadores, dos informes de seguimento...), e deseñar unha formulación xeral.

As composicións das comisións propostas pola dirección son as seguintes:

GRAO EN ENXEÑARÍA DA ENERXÍA	
Nome do profesor/a	Representatividade
Elena Alonso Prieto	Directora da EEME
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Ángeles Domínguez Santiago	Enxeñaría química
Daniel Villanueva Torres	Enxeñaría eléctrica

GRAO EN ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS	
Nome do profesor/a	Representatividade
Elena Alonso Prieto	Directora da EEME
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Carmen Pérez Pérez	Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica
Joaquín Martínez Sánchez	Enxeñaría cartográfica, Xeodesia e Fotogrametría

MÁSTER EN ENXEÑARÍA DE MINAS	
Nome do profesor/a	Representatividade
Elena Alonso Prieto	Directora da EEME
Teresa Rivas Brea	Coordinadora Primeiro Curso MUEM
Marta Cabeza Simó	Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica
Daniel Villanueva Torres	Enxeñaría eléctrica
Pablo Eguía Oller	Máquinas e motores térmicos
Ana Rodríguez Rodríguez	Enxeñaría química
Elena Martín Ortega	Mecánica de Fluidos

A Xunta de Escola aproba por asentimento as composicións das comisións.

8. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2019-2020.

A Directora explica que na PDA dos Graos non é posible cumprir os requisitos establecidos, en canto ao número de horas, con unha proposta razoable. A dirección propón solicitar que se permita impartir a especialidade de Materiais e que se aprobe unha PDA similar á do curso anterior. En canto ao Plan de Internacionalización propónse que materias vanse ofertar e se establece unha relación de materias que as substituirían, no caso de que algunha delas non puidera impartirse en inglés.

Da. María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, explica os detalles da proposta de PDA (Anexo VI):

➤ Grao de Enxeñaría da Enerxía:

- Os números efectivos de matrícula que se manexan nas materias contempladas na PDA deste grao non permiten acadar o valor obxectivo de TMG (Tamaño medio de Grupo) proposto pola Vicerreitoría. Estes números levan distando dos obxectivos plantexados pola Vicerreitoría dende hai anos, pero sempre chegábase a unha proposta consensuada entre ambas partes con anterioridade á Xunta de Escola. Ao non terse podido negociar este ano a PDA, a dirección fai unha proposta moi semellante á do curso 2018-2019, reducíndose só algúns grupos B e C no cuarto curso para axustar horarios.
- Incorpórase tamén un novo grupo A nas materias que van a impartirse por primeira vez en inglés no curso 2019-2020, e detráense un grupo B/C dos existentes para o grupo de inglés.
- No cuarto curso reducíronse algúns grupos B e C para axustar horarios.

➤ Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos:

- Proponse unha PDA igual á do curso anterior, incluíndo a impartición da especialidade de materiais.

Finalmente, a Directora expón a proposta da dirección relativa á Lista priorizada de departamentos (Anexo VI-c). Comenta que se recibiron dúas solicitudes: unha do departamento de Recursos Naturais e Medio Ambiente (T06), solicitando impartir a materia Xeoloxía de primeiro curso, común a ambos graos (Anexo VI-d) e outra do departamento de Química Física (C11), solicitando impartir a materia Química de primeiro curso, común a ambos graos (Anexo VI-e).

A Directora lembra o acordo do centro de dar prioridade ás áreas ou departamentos do ámbito tecnolóxico. Por isto, propónse para a materia Xeoloxía manter a lista priorizada do curso anterior: primeiro o departamento T06 e segundo o C10, e propoñer que se encargue ao primeiro deles. En canto a outra solicitude, a dirección

propón manter o encargo actual para a materia Química e non incluír ao departamento C11 na lista priorizada.

Propónse a aprobación, en conxunto, das PDA dos Graos e a Lista priorizada de departamentos.

O profesor D. Bienvenido Díez, como profesor da materia Xeoloxía e actual director do Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio, comunica o seu voto particular e expón o seu desacordo coa proposta de designar ao Departamento de Recursos Naturais como primeira opción para impartir a materia Xeoloxía e ao seu departamento como segunda argüindo a existencia dun acordo interno de ofrecer as materias aos departamentos de enxeñaría. Na súa opinión, a materia Xeoloxía é unha formación básica que debe ser impartida por persoal docente doutor en Xeoloxía e este atópase asignado, na súa práctica totalidade, ao seu departamento. Por tanto, considera que debería invertirse a orde dos departamentos na lista priorizada.

A Xunta de Escola aproba a proposta de PDA para os dous Graos e da Lista priorizada de departamentos (Anexo VI-a,b,c), co voto particular de D. Bienvenido Díez.

9. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2019-2020.

A Directora amosa a proposta de PDA (Anexo VII). Explica que pola redución de alumnado a PDA baixaría 408 horas, pero así non chegaría nin para cubrir un grupo por materia. Polo tanto, a dirección propón unha PDA con 1 grupo por materia, o que suporía 108 horas mais.

A Xunta de Escola aproba a proposta de PDA por asentimento.

10. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster en Xeoinformática para o curso académico 2019-2020.

A Directora comenta que a proposta de PDA (Anexo VIII) é a mesma do curso anterior.

A Xunta de Escola aproba a proposta de PDA por asentimento.

11. Rogos e preguntas.

O profesor D. José Benito Vázquez roga que para a modificación do título de Grao en Enxeñaría da Enerxía se contacte coas persoas responsables do Máster en Enxeñaría Industrial para intentar que este cambio facilite a entrada nese mestrado do colectivo egresado, reducindo o muro que se lles pon na actualidade. A Directora

responde que ese é un dos obxectivos que a dirección se marcou para a modificación do título.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 2 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dezanove de febreiro de dous mil dezanove.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 19/02/2019

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 19/02/2019

ANEXO III

Proposta de límite de prazas

- a. Grao en Enxeñaría da Enerxía**
- b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos**

ANEXO IV

Proposta de materias optativas

- a. Grao en Enxeñaría da Enerxía**
- b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos**

ANEXO V

Declaración de interese para modificacións de títulos

- a. Grao en Enxeñaría da Enerxía**
- b. Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos**
- c. Máster en Enxeñaría de Minas**

ANEXO VI

Propostas PDA dos Graos para o curso académico 2019-2020

- a. Proposta PDA Grao en Enxeñaría da Enerxía**
- b. Proposta PDA Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos**
- c. Lista priorizada de departamentos**
- d. Solicitud do departamento de Recursos Naturais e Medio Ambiente (T06)**
- e. Solicitud do departamento de Química Física (C11)**

ANEXO VII

**Proposta PDA do Máster en Enxeñaría de Minas para o curso
académico 2019-2020**

ANEXO VIII

**Proposta PDA Máster en Xeoinformática para o curso académico
2019-2020**